



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A FUNDACIÓN TUTELAR GALEGA PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL SÁLVORA PARA O FINANCIAMENTO DAS ACTUACIÓNS DE TUTELA E PROTECCIÓN DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL DURANTE O ANO 2018.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade,

DECLARA:

Que a Consellería de Política Social ten previsto formalizar coa Fundación Tutelar Galega para Persoas con Discapacidade Intelectual SÁLVORA o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que estenderá os seus efectos dende a súa formalización ata o 31 de decembro de 2018. Non obstante, as accións englobadas no presente convenio que realizase a Fundación Tutelar Galega para Persoas con Discapacidade Intelectual SÁLVORA dende o 1 de xaneiro de 2018 tamén poderán ser subvencionadas ao seu abeiro coa achega da Consellería de Política Social.

Que o instrumento convencional ten por obxecto a colaboración por parte da Consellería de Política Social para o financiamento das actuacións relacionadas coa tutela e protección das persoas con discapacidade intelectual que a Fundación tutelar galega para persoas con discapacidade intelectual SÁLVORA ten previsto desenvolver durante o ano 2017 que a continuación se detallan:

- a. Exercer o cargo de titor, curador ou outras figuras de garda das persoas con discapacidade intelectual encomendadas á Fundación tutelar galega para persoas con discapacidade intelectual SÁLVORA segundo o dereito vixente, cumprindo coas obrigacións inherentes ó cargo, coidando da persoa e administrando os seus bens con extrema dilixencia.
- b. Informar e asesorar ás familias das persoas con discapacidade intelectual, titores, curadores, persoas relacionadas coa garda de persoas e bens de ditadas persoas con discapacidade intelectual, así como a entidades de todo tipo que teñan fins similares. Darase especial atención á muller con discapacidade embarazada e ás súas familias, en cumprimento da Lei 5/2010, do 23 de xuño, polo que se establece e regula unha rede de apoio á muller embarazada.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundamentase no seguinte:



Actualmente faise preciso establecer medidas de apoio orientadas ó desenvolvemento do tecido asociativo integrado polas entidades de iniciativa social que traballan na atención ás persoas con discapacidade intelectual, dado que desenvolven unha importante labor complementaria á financiada a través dos recursos da Administración pública.

Conforme aos requisitos previstos no artigo 26.2. apartado a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que a desenvolve a Fundación tutelar galega para persoas con discapacidade SÁLVORA debe ser considerada como unha entidade singular dentro dos servizos especializados en materia de tutela a persoas con discapacidade intelectual da Comunidade Galega.

Así mesmo, as actuacións obxecto deste convenio, recollidas na súa cláusula primeira; a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social previsto no Decreto 176/2015, de 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social, e no seu artigo 20, onde se describen as competencias da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade; e as específicas necesidades inherentes ao colectivo ao que van dirixidas, considéranse razóns que acreditan o seu interese social.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste asino esta memoria en Santiago de Compostela, a 19 de febreiro de 2018

